




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Traba e Vilán. Municipio: Laxe. Parroquias: Santa María de Laxe. Extensión: 0,57km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Sector acantilado de relativa potencia, pero variable e vertentes con perfís tamén variables, tendentes sempre á convexidade pero de inclinación variable. A parte norte, a do Monte da Insua, presenta un perfil moi regular no que a parede rochosa é seguida por unha vertente con pendentes moderadas ambas as dúas. A cima é aplanada e aparecen afloramentos graníticos nos sectores curvados individualizados pola rede de fracturas. O sector central, o que queda ao oeste da vila de Laxe, presenta un cantil con parede máis vertical, e unha vertente con dous planos ben diferenciado: unha estreita vertente baixa con bastante inclinación; e unha ladeira superior moi aplanada que dá a unha superficie alombada. O sector meridional, o do Petón do Castro, volve presentar unha vertente e parede rochosa de inclinación regular pero maior á do sector de Monte Insua. Pero o carácter especial desta parte é que esta vertente se ve truncada pola existencia dun penedo granítico (petón) que sobresaia na culminación desta parte da unidade, a 92m de altitude e só 150m da liña de costa.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio hercínico, cun granito de dúas micas, de gran medio a grosso, lixeiramente orientado, o granito Tipo Laxe. Dique pegmo-aplítico na zona de Furna da Espuma.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada pertencente ao domo climático Cálido e Húmido. Temperatura media anual por riba dos 15°C e entre 1200mm e 1400mm de precipitación anual acumulada. A amplitude térmica oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C ao ano.

OS SOLOS

A proximidade do rochedo granítico á superficie só permite o desenvolvemento de regosois, perfís moi pouco evolucionados.


AS AUGAS

A escasa rede fluvial desta unidade debe adaptarse ás debilidades do terreo granítico que domina este relevo. Así, ao coído de Arbaliño e á Enseada Baleeira chegan arrosos de moi pouco caudal. As masas de auga da unidade son as de Punta da Insua (20137) e a 20138.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade incluída no LIC Costa da Morte e pertencente ao (IBA) "Costa da Morte". Trátase dunha unidade acantilada dominada polo hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos. Aparecen covas costeiras dando vida ao hábitat 8330 de covas mariñas mergulladas e semimergulladas. Algúns coídos e pequenos sectores de plataforma intermareal engaden o hábitat 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. As vertentes sobre os cantís presentan matos costeiros dos hábitats 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros con Erica vagans. No monte da Insua existe algún corredor deprimido a partir de fracturas que pode conter breixos húmidos, asimilables ao hábitat 4020, breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix. Os breixos están moi degradados e modificados nos sectores central e meridional da unidade debido ás prolongadas actividades agrícolas. No Monte da Insua e o Petón do Castro son frecuentes os afloramentos graníticos, que inclúen os hábitats do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

As coberturas e usos do solo desta unidade relaciónanse coa súa localización periférica na vertente occidental que vai entre o Monte da Insua e o Petón do Castro, estando conformadas na súa maioría por formacións vexetais costeiras. Na parte máis elevada do Monte da Insua hai pequenas manchas ocupadas por plantacións de piñeiros e eucaliptos, interrompidas polo paso dunha liña do tendido eléctrico que o atravesa de sueste a noroeste, e que vai de Laxe ao faro. Dentro dos usos clasificados como artificiais, aínda que non existen na unidade núcleos de poboación, destaca a presenza do cemiterio de Laxe, no centro da unidade, preto da Enseada Baleeira; e o faro de Laxe, na punta setentrional da unidade. Cara a eles existen sendas e vías de acceso que forman parte da rede viaria municipal.

MORFOLOXÍA

A liña de costa da unidade presenta unha morfoloxía cóncava, con centro na Enseada Baleeira e enmarcada ao norte polos saintes do Monte da Insua, e polo Petón do Castro ao sur. No centro do arco, coincidindo coas áreas de topografía máis suave da zona, obsérvanse parcelacións tradicionais construídas a base de muretes de pedra de grande expresividade e beleza, que dan fe do maior aproveitamento ao que foron sometidas estas terras. O trazado viario da unidade maniféstase só no norte, a partir dos camiños que dan acceso ao faro e ao campo santo.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A ausencia de poboación e o carácter periférico deste tramo costeiro limitan as infraestruturas de mobilidade a varias vías da rede municipal vinculadas cos servizos de acceso ao cemiterio, ao norte da Enseada Baleeira, e ao Faro de Laxe, no extremo setentrional do promontorio. O resto da unidade presenta vías menores entre as terras de cultivo do centro da unidade, moitas deles en proceso de abandono. O punto de partida desta rede de infraestruturas é sempre a localidade de Laxe, situada ao sueste, noutra unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Nesta unidade non se rexistraron restos patrimoniais nos diferentes catálogos, nin arqueolóxicos nin arquitectónicos, nin doutro tipo, en parte debido á falta de poboación na zona. Con todo os muros de pedras autóctonas e a estrutura parcelaria tradicional que estes describen, teñen un alto interese pola súa morfoloxía. Dentro dos valores patrimoniais que esta área atesoura cabe citar tamén a proximidade ao faro de Laxe e a presenza do campo santo, unidos mediante unha ruta de sendeirismo que bordea a costa.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase da vertente a barlovento da península da Insua, que mostra a crueza do choque entre un embravecido mar e un relevo de lombos antigo, considerablemente desmantelado. A falta de consistencia do terreo e o embate do mar parecen facer retroceder a liña de costa, na zona central da unidade, onde o mar se introduce formando un arco costeiro ao redor da Enseada Baleeira, e onde o terreo se fai máis chán e o seu antigo aproveitamento é aínda patente a través dos restos de parcelación tradicional. A pesar da proximidade desta unidade á localidade de Laxe, o seu carácter vén definido pola sensación de distancia e illamento, vinculándose máis ao océano que ao núcleo de poboación.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Unidade incluída xunto co Cabo de Laxe no Espazo de Interese Paisaxístico Monte da Insua, conformado por vertentes acantiladas de importancia sobresaliente desde o punto de vista da súa representatividade como fitos configuradores da paisaxe. A área costeira desta unidade presenta un gran valor ambiental e paisaxístico, con abundancia de elementos que así o testemuñan. Dun lado, a orientación a barlovento e a poñente crea un pano de fondo no que as postas de sol sobre a liña do horizonte fusionada co océano, son o reclamo máis atractivo. Por este litoral circula un carreiro que ademais deste fondo escénico, conta con elementos tan interesantes desde o punto de vista da paisaxe como a punta da Insua, incluída dentro da Rede Natura 2000, ou os cantís rochosos que dominan a costa até a ladeira do Petón do Castro. O punto de observación desta unidade situouse na parte sur da Enseada Baleeira, desde onde se observa tanto os cantís costeiros e as enseadas, como os relevos redondeados e as súas vertentes.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









-  Chairas intermareais / Llanuras intermareales
-  Marismas / Marismas
-  Praias / Playas
-  Dunas / Dunas
-  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros
-  Cantis / Acantilados
-  Vexetación costeira / Vegetación costera
-  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos
-  Bosques de ribeira / Bosques de ribera
-  Bosques mixtos / Bosques mixtos
-  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización
-  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo
-  Matogueiras / Matorrales
-  Cultivos e prados / Cultivos y prados
-  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
-  Viñedos / Viñedos
-  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
-  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
-  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
-  Outras masas de auga / Otras masas de agua
-  Canteira / Cantera
-  Artificial / Artificial

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

-  0 m
-  -20 m
-  -100 m
-  -500 m
-  -2000 m
-  -10 m
-  -50 m
-  -200 m
-  -1000 m
-  -3000 m












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



